

## Pregón da XIV Festa do Polbo

Arturo S.Cidrás 15-08-2013

Veciñas, veciños, amigas, amigos e visitantes deste pobo acolledor que é Bueu.

Hoxe estamos aquí coma romeiros do padal por mor do reclamo do noso Concello e dunhas persoas preocupadas polo cultural-gastronómico e por enxalzar un dos produtos estrelas dos nosos mares: O POLBO.

Esta é unha FESTA na que o protagonista non só o é o polbo senón o bo facer de homes e mulleres que nas cociñas aplican saberes antigos e ata experimentan receitas novidosas... Protagonistas tamén o sodes vós que a facedes posible... Eu só lle porei un pouco de sal. Desculparme, pois o farei algo eslamiado para que tamén o poidades comer aqueles que teñades dietas restrictivas... e así, na compañía da música, dos aromas e do viño... gozar todos da XIVª FESTA do POLBO e de BUEU.

Historicamente Bueu estivo e está ligada ao mundo do mar e, dentro deste, á pesca do polbo...

Non é por casualidade que os mariñeiros e a carpintaría de ribeira modificaran estruturas, aplicando estratexias e conseguindo, entre outros, un pequeno grande avance de enxeñaría naval como é o Bote polbeiro de Bueu...

Agora probablemente debería falarvos deste e doutros botes, da pesca do polbo, dos instrumentos, da linguaxe. Falarvos do tratamento do polbo de antes e de agora (se fresco, se polbo solleiro, de media cura, seco ou branco), dos varais para secalo ou dos rapaces encargados de vixialos, dos mariñeiros, dos naufraxios, carrexóns, da exportación do polbo, do mosteiro de Oseira e do Carballiño e a súa relación con Bueu...

Tranquilos! Non o vou a facer, aínda que fose a primeira intención, porque sería longo e aquí estamos para, fundamentalmente, gozar da festa e das viandas.

Con todo, e da forma máis resumida posible, aproveitarei algúns aspectos da bioloxía do polbo non só coma referente culinario, senón tamén social e cultural aderezado co anecdótico:

- Dado o peculiar sistema circulatorio do polbo escoitarán por aí, como lenda urbana, que o polbo ten 3 corazóns. E “ter moito corazón... é ter nobleza e ardor nos sentimentos... é ter moito valor...” Sírvanos coma exemplo a loita dun pequeno polbo que foi protagonista na prensa, no abril de 1944, onde titulaban: “O inimigo pequeno...” “Un polbo dun quilo mata a un arroas de tres metros de longo”. O arroas ata foi exposto na lonxa de Bueu. Como podedes supoñer esganouse ao tentar comer ao polbo enteiro. Por iso aconséllvos que **o comades pouco a pouco sentindo a cada bocado de polbo a súa delicadeza no tacto, o seu sabor a marisco e peixe ligado con aromas de mar que o convirten nun verdadeiro pracer para o padal.**
- Sabedes que o polbo pode cambiar de cor ... mimetízase coa contorna. A ver se nos ensina a mudar a cor do **silenzo** e da **indiferenza**, as veces “pasotismo”, por unha actitude máis dinámica-activa-belixerante ante os acontecementos da crise, da corrupción, dos mercados, das inxustizas, dos desafuzamentos, dos abusos,... E así como o polbo utiliza tinta negra para defenderse e fuxir. Utilicémola nós, cada un da cor que queira, pero para denunciar tropelías, para queixarse, para facer propostas de mellora, para animar, para axudar,...
- A reflexión de que o polbo é un dos invertebrados con maior desenvolvemento do cerebro tamén nos anime a potenciar as nosas capacidades para resolver problemas, sortear obstáculos e buscar solucións a estes momentos tan duros.

Mais algo aprendemos, e por iso vexo con agrado que dende hai anos o polbo achegase á cultura de Bueu para quedarse coma icona. Entre outros:

- Ten a súa festa e actos culturais arredor dela (Semana Mariñeira, as Xornadas de Dinamización do polbo, etc.)
- Forma parte do anagrama, ata pode mirarse nas súas camisetas, da Escola de Música da Banda.
- É a mascota da biblioteca do Centro Plurilingüe A Pedra onde ten vida propia axudando no lecer diario da lectura a centos de nen@s. O que queira coñecelo que se achegue ao colexio e pregunte por Papyrus, que así lle chaman, e levará unha agradable sorpresa. El mesmo me insistiu que lles falara dun pequeno conto que xa estivo presente noutro pregón desta festa: “O Polbo Xigante” de Carlos Casares onde o protagonista e a historia son e desenvólvense na contorna de Bueu, Ons, Udra,... e recrea as lendas de cefalópodos xigantes que poboan os mares do mundo...” Referíndose a este conto o escritor Caballero Bonald, recente premio Cervantes, e con amigos neste pobo, o cita no seu “Mar adentro” dicindo: “... *un mariñero de Bueu ao que chaman Capitán Lobo Negro, antigo pescador de baleas, morreu do trallazo que lle asestou á embarcación onde ía, un polbo xigante...*”

Pero os polbos tamén morren! Por iso, en contraposición ao anterior, mencionar tamén unha tradicional “arte de matar o polbo” que, aínda que se facía de forma esporádica até hai pouco, trasládanos a épocas moi antigas e que Alonso Romero describe como: ... “*Unha vez que extraen da auga ó polbo, danlle unha forte dentada na cabeza para que deixe de moverse e non escape...*” Mirade se estaba arraigado este método que nun artigo de J. Curt, no 1983, fala dun pescador que matou dunha chanchada a “*unha lontra que saíu á tona (superficie da auga) cando pescaba polbos na illa*”.

Esa mesma illa que logo dunha visita no ano 1932 Álvaro de las Casas escribira: “... *o amigo Dídio Riobó ofreceunos non sei cantas toneladas de polbo, saborosísimamente condimentado. Na miña vida vira nin comera máis polbo*”. Desexo que vos pase a vós o mesmo nesta festa! E que as

distintas especialidades de polbo que aquí nos brindan nos deixen unha sensación agradable que lembremos moitos, moitos anos... case tantos como os 124 que viviu un veciño da Illa de Ons chamado Domingo. Este lle contaba ao relixioso beneditino portugués Frei Manuel Pereira de Novais que no 1554 estivera vivindo en Lisboa. E, Sabedes o que facía? Segundo el: "*Vendendo Polbo seco, que era a mercadoría que entón se mercanciaba desas Illas de Ons a diferentes partes,..*"

Permitirme invitaros a todos los que vivais fuera de Galicia a que vengais con más frecuencia por nuestra Comunidad, y a ser posible por Bueu, pues ya ese mismo fraile nos había indicado "*que desde Homero, está demostrado que la bonanza del clima y las mil fuentes de aguas purísimas a lo que habría que añadir, entre otros, la comida, la luz, el color y variedad de su paisaje hacen vivir a gentes de estas partes más años que cuantas se saben de Europa*"

Remato desexando que a expresión: "Este polbo é de Bueu" siga significando "da mellor calidade", de "garantía",... e máis agora que a marca colectiva "Polbo das Rías", avalada pola Confraría, é garante da orixe do polbo e da súa pesca artesanal.

Grazas a todos os que fixestes posible esta Festa! Grazas a todos por estar aquí e por escoitarme! Que vós aproveite!